



ANUNCIO

Extracto dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Marín, na sesión ordinaria que tivo lugar o **día 7 de novembro de 2018**.

1. Apróbase o borrador da acta da sesión ordinaria do 31 de outubro de 2018.
2. Apróbase o expediente de contratación das obras de “Sistema de retención e desbaste automático de sólidos no bombeo de augas residuais de Loira I”, incluída no Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019.
3. Dáse conta da concesión de subvención pola Consellería de Economía, Emprego e Industria ao Concello de Marín, por importe de 36.000 €, para a contratación de 12 traballadores/as desempregados/as para a realización da obra ou servizo denominado “Salvamento e Socorrismo”, ao abeiro das axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e convocatoria para o ano 2018.
4. Dáse conta da concesión de subvención pola Consellería de Economía, Emprego e Industria ao Concello de Marín, por importe de 200.000 euros, para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia durante os exercicios 2018 e 2019.
5. **Rogos e preguntas.** Non se formulan.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, decidiu tratar pola vía de urxencia o seguinte asunto:

1. Solicítase subvención ao abeiro do Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019, da Deputación de Pontevedra, por importe de 132.139,19 euros, para o investimento “Pavimentación da rúa do Alcalde Ezequiel Massoni”.
2. Solicítase subvención ao abeiro do Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019, da Deputación de Pontevedra, por importe de 172.248,57 euros, para o investimento “Renovación de servizos en rúa do Tombo”.
3. Dáse conta da autorización para a reinversión da baixa xerada no investimento “Humanización da rúa Concepción Arenal entre a rúa Jaime Janer e a rúa Roda”, no investimento denominado “Muro de sostemento no acceso á praia do Santo en Casás”, por importe de 33.856,79 euros, ao abeiro do Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2017, da Deputación de Pontevedra.

A ALCALDESA-PRESIDENTA,

María Ramallo Vázquez.

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E200023BE000M114D9E1Q1H3 en https://sede.concellodemarin.es	FIRMANTE - FECHA	DOCUMENTO 20180146400
	MARIA PILAR RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 19/12/2018 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 19/12/2018 10:35:44	Fecha: 19/12/2018 Hora: 10:35